

PROPOSTAS DE METAS PLEA PARA SECUNDARIA E BACHARELATO

LECTURA

1. Existe un tempo diario de lectura libre.
2. O alumnado le por pracer e de xeito fluído sen problemas de comprensión de vocabulario.
3. Existe un ensino explícito de vocabulario.
4. Recórrese á morfoloxía como axuda para a comprensión do vocabulario.
5. Axúdase ao alumnado a establecer inferencias mediante diversas técnicas.
6. Ofrécese ao alumnado a lectura de textos de diferente tipoloxía e en distintos soportes.
7. Empréganse estratexias variadas para axudar á comprensión dos textos.
8. Os textos adáptanse ás circunstancias do alumnado.
9. Promover por parte dos centros educativos o uso das ferramentas de diagnose e avaliación da competencia lectora, escritora e informacional.
10. ...

ESCRITURA

1. Existe un equilibrio entre lectura e escritura.
2. Proponse ao alumnado diversas actividades sinxelas de escritura a partir de textos: resposta a preguntas, resumos, toma de notas, mapas conceptuais...
3. Proponse ao alumnado actividades para reflectir en textos descontinuos (gráficos, mapas, infografía, imaxes...) os contidos de diversos documentos.
4. Proponse ao alumnado a elaboración de textos de diversa tipoloxía e en distintos soportes.
5. É unha práctica habitual no centro o desenvolvemento de obradoiros de escritura.
6. As propostas de escritura son variadas e motivadoras.
7. Previamente á elaboración dunha tarefa escrita, trabállase co alumnado a estrutura do texto e o proceso que debe seguir para a súa elaboración.
8. O alumnado coñece as rúbricas de valoración dos textos elaborados.
9. Na corrección de traballos escritos cóidase tanto a estrutura (coherencia e cohesión) como a gramática do texto.
10. Existe un consenso no centro sobre como elaborar traballos escritos.
11. Existe un consenso no centro sobre como valorar traballos escritos.
12. ...

ACCESO Á INFORMACIÓN

1. Empréganse os recursos e espazos ofrecidos pola biblioteca nas actividades de investigación.
2. Proponse ao alumnado actividades de busca e selección de información na Internet e/ou en recursos bibliográficos.
3. O alumnado sabe interrogar aos buscadores con palabras clave axeitadas para localizar información.
4. O alumnado coñece recursos para identificar páxinas fiables á hora de navegar na procura de información.
5. O alumnado ten recursos para valorar a utilidade, credibilidade e actualidade dunha fonte de información cando elabora os seus traballos ou na vida cotiá.
6. O alumnado é quen de integrar a información de distintas fontes.
7. Proponse ao alumnado tarefas de investigación sobre temas relacionados coa materia.
8. O alumnado dispón de esquemas e asesoramento por parte do profesorado para a elaboración dos seus traballos de investigación.
9. O proceso de investigación remata coa comunicación do coñecemento.
10. Foméntase a metacognición do alumnado, propiciando autorreflexións sobre os procesos de aprendizaxe desenvolvidos (lectura, escritura, acceso á información...).
11. O alumnado coñece as rúbricas de valoración das tarefas de investigación e das exposicións orais.
12. No centro existe un programa articulado con obxectivos e propostas diferenciados por niveis en relación co acceso á información.
13. Existe un consenso no centro sobre o proceso de investigación a desenvolver polo alumnado nas diversas materias.
14. Existe un consenso no centro sobre como elaborar as tarefas de investigación e as exposicións orais.
15. Existe un consenso no centro sobre como valorar traballos as tarefas de investigación e as exposicións orais.
16. ...